



Oferta Pública de Emprego do Persoal Docentes 2020

Venden unha oferta de 3.654 prazas cando só hai 2.036 de oposicións reais

A CIG foi especialmente crítica cunha OPE que deixa aos pés dos cabalos a un número importante de docentes interinos, ao ser unha proposta que non ten para nada en conta a realidade do colectivo

Na Mesa Sectorial de Educación a Consellaría presentou o que xa o presidente Feijóo adiantou como un gran propagandista a semana pasada, volvendo un ano máis á marca da casa do actual goberno. En primeiro lugar non negociou con ninguén cales deben ser os criterios que leven a tomar a decisión de que especialidades debe ser obxecto de oferta pública de emprego. Tampouco puxo en común os datos que dan lugar a tomar a decisión sobre prazas e especialidades. Non se coñece ningún plan estratéxico a varios anos vista en función da idade do profesorado das diferentes especialidades e as posíbeis xubilacións nin as necesidades. En resumo, mantense pechado a cal e canto o búnker no que os actuais responsábeis políticos converteron esta Consellaría, refractaria á negociación colectiva.

A CIG-Ensino criticou na Mesa Sectorial unha OPE que non creará ningún posto de traballo no ensino público galego

Ao respecto das especialidades a CIG-Ensino reclamou que se oferten prazas de **Portugués** en secundaria, se o que quere este goberno é dar cumprimento de verdade á Lei Paz Andrade e non ficar nunha cuestión cosmética. 4 prazas nas OPE anterior non serven para nada se non se acompañan

dunha oferta continuada. Tamén criticamos que non se oferten prazas de **promoción**

interna en Galego para as EOI, cando existen neste curso 10 prazas cubertas por profesorado con destino provisional.

Que non se convoquen este ano non quere dicir que non se convoque para o ano que vén. En todo caso dixeron estar dispostos a revisar se poden convocar noutras especialidades mais que non retirarán ningunha das xa anunciadas.

Por outro lado **chama a atención que con datos moi similares de persoal interino en activo hai especialidades nas que se ofertan oposicións e outras nas que non.**

Por exemplo, en PES hai algunha especialidade que se convoca con 9 prazas de interinos (Grego, Análise e Química Industrial), 11 (Organización e Procesos de

Mantemento de Vehículos, Procesos na industria alimentaria) ou 13 (Navegación e instalacións mariñas, Procesos e Medios de Comunicación) mentres que noutras con cifras moi similares de persoal interino non se convocan (Música, Intervención Sociocomunitaria, Procesos de Producción Agraria, Sistemas Electrónicos ou Sistemas Electrotécnicos). O mesmo acontece no Corpo de Profesorado de Música e Artes Escénicas. Pedimos explicacións sobre estas diferenzas.

A administración non aclara como escolleron as especialidades a convocar, só di que ten en conta o número de persoal interino e o número de oposicións convocadas da especialidade nos últimos anos e reitera que poderán incrementar algunha especialidade.

Ao tempo, alertamos sobre o feito de que hai **moitas especialidades cun número moi próximo entre o persoal interino e as posíbeis prazas ofertadas**, nalgúns casos con moitos anos sen convocar as oposicións. Quen creou o problema, paralizando as oposicións, agora o empeora. Solicitamos que se reflexione sobre o que se está a facer, na liña do demandado pola CIG-Ensino nestes últimos anos.

Maquillando cifras para vender fume

Se nestas últimas convocatorias a Xunta xogou a inflar as cifras contando cos prazas de promoción interna, que despois como xa avanzaba a CIG ficaban desertas en máis dun 90% , agora a propaganda preelectoral leva a incorporar o proceso de **acceso a cátedras**, que non deixa de ser un concurso de méritos,

como o recurso para poder falar de máis de tres mil prazas: serán 1.300 prazas de acceso a cátedras e 318 de cambio de corpo (A2-A1 ou A1-A1 nas EOI). Polo tanto, nada máis e nada menos que **un 44% das prazas anunciadas son de promoción interna**.

A referencia do presidente da Xunta á demanda do profesorado para o **acceso a cátedras** é unha vergoña. A principal reclamación do total do profesorado é

recuperar os nosos dereitos, comezando

polo horario lectivo. O presidente

agocha que desde o ano 2007

non se convocou acceso a

cátedras e que nestes anos

foise xubilando un número


moi elevado de

compañeiros e compañeiras

deste corpo. O que fai, pois, é

cubrir o que se precisa. Nada

máis.



Case a metade das prazas anunciadas son de promoción interna

Este modelo de ingreso non vale

Estamos **atados por un Real Decreto estatal** que funciona como un muro de contención para poder modificalo e adaptalo ás necesidades e características do noso sistema educativo, desde o baremo ao modelo de probas. A CIG-Ensino defende dun **sistema de dobre vía de ingreso**, no que poidan convocarse simultaneamente oposicións cun peso moi elevado da experiencia docente e nas que se ofertarían as prazas ocupadas por persoal interino que son vacantes (sen funcionariado de carreira no posto) e outras oposicións con maior peso para a fase de oposición nas que se incluírían as prazas de reposición de efectivos (xubilacións, defuncións...).

Malia iso levamos anos formulando **propostas asumíbeis e que poden mellorar substancialmente o desenvolvemento dos procesos selectivos**, xa que non podemos cambiar o modelo de ingreso, mais até este momento a Consellaría, como en tantas outras cousas, non introduce melloras (anonimato de parte das probas, redución de aspirantes por tribunal, aplicación real da fase de concurso...).

Sen funcionariado de carreira en varias especialidades convocadas: quen vai conformar os tribunais?

Hai varias especialidades nas que temos constancia de que non hai funcionariado de carreira suficiente para formar parte dos tribunais. Hai outros nos que xa houbo problemas nestas oposicións pasadas, como é o caso de Procesos na Industria Alimentaria, e que este ano con funcionariado en prácticas que non pode entrar nos tribunais, volverá de novo a ter problemas. Solicitamos que se nos proporcione unha **relación de especialidades convocadas nas que non hai funcionariado da especialidade para os tribunais** e preguntamos que ten pensado facer a Consellaría.

A administración reconece que nalgúnhas especialidades non hai funcionariado de carreira suficiente para os tribunais e nomearán ou doutra especialidade ou da mesma de fóra de Galiza, e os tribunais poderán ter asesores, todo iso sen sorteo.



En contra da redución de profesorado e dos efectos dos sistema actual no profesorado interino

A oferta de prazas presentada pola Consellaría parte do límite imposto polo acordo sindical estatal, polo que se poden **ofertar prazas nas oposicións sempre que non se superen os cadros de persoal existentes**, aceptando submisamente os efectos dos recortes desde o ano 2010. Tal é así que os orzamentos do 2020 recollen por segundo ano un recorte de profesorado, cun total de 29.942 docentes fronte a 30.098 de hai dous últimos anos. Polo tanto, **esta OPE non vai servir para aumentar profesorado**, que é unha das principais demandas do propio persoal docente e da CIG-EnsinO.

O resultado das últimas oposicións foi claro. **A inestabilidade laboral segue a ser un problema básico**. Desde a CIG-EnsinO apelamos a fixarse menos en cifras e porcentaxes e máis nas persoas. Centrarse na redución da interinaxe sen ter en conta o actual persoal interino só leva a que haxa profesorado que perda o seu posto de traballo.

Un estudo realizado pola CIG-EnsinO a partir das últimas oposicións deixa unhas conclusións rotundas:

- ★ O **33%** das persoas que aprobaron as oposicións nunca traballaran para a Consellaría de Educación.
- ★ O **52%** traballaron menos de 1 curso no ensino público.
- ★ A porcentaxe de docentes interinos con máis de 5 anos de experiencia que aprobaron as oposicións é do **19%**.

- ★ No caso daquelas persoas cunha longa experiencia profesional (superior a 10 anos) a porcentaxe de aprobados limitáase a menos do **9%**.

É obvio que a inexistencia dun acordo de estabilidade para o persoal interino en risco de perder o seu posto de traballo, xunto coa necesaria oferta de oposicións polas elevadas cifras de xubilacións e un sistema que obvia a fase de concurso e provoca a competencia entre as persoas con méritos na docencia con

aquelas outras que non teñen experiencia previa é un escenario que pode provocar a perda de postos de traballo de persoal interino. A Consellaría podía partir da realidade do persoal interino actual á hora de facer a proposta de prazas e abrir unha negociación de estabilidade que dea saída a persoas de longa experiencia laboral ou avanzada idade. Nada fixo e nada está a facer máis que tratar o profesorado como simples números.

**Son horas
Son dereitos**
FOLGA 12DEC

**Manifestación Nacional en
Santiago de Compostela
Praza Cervantes 12:00 h**

18 21

#18e21horas

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal